

Teimo nas obsesións que me deitaron neste curruncho das letras, descubrindo novas fontes de onde emanar, grazas, en grande medida, ás novas tecnoloxías, que se revelan como un xeito accesible e, ate o de agora, económico de acceder a moito máis do que antano eramos quen por medio do papel. Pero non desexo perder a maxia deste último, para recoñecerme nos textos cos que vou dando na imparable marcha dos días.

Relembrando, dou con aquela *pel de ameixa* coa que Marta Dacosta nos lembrara a ela, poeta. ‘*Nesta pel de ameixa que me cobre / medrei desde o xardín da miña infancia*’. Para moitos, a infancia chegou con aqueles versos. Logo de moito virar nas ondas, o meu curruncho foise facendo meirande, buscando nas verbas o cotiá, aquela fracción das nosas propias vidas que, por norma, vai quedando nun segundo plano, sempre por tentar comprender o máis inmediato do noso quefacer diario. Deste xeito, detiven os pasos, para coller alento, diante daquel que, na miña opinión, condensou a rabia toda da nosa propia insignificancia nun poemario. ‘*Ruído de motos*’ de Kiko Neves, publicado pola desaparecida *Letras de Cal*, quedou prendido nalgún lugar escuro da miña anatomía porque, segundo o que eu teimaba en comprender, aquela desesperación que berraba contra as motos dos repartidores de pizza significaba o inicio da comprensión do mundo todo. Daquela souben por que os sábados duraban dous días e que tanto o *bourbon*, como... digamos, o licor café, van mellor sen xeo. E nesa imperiosa necesidade de estar só, comprendín que escoitando o *ruído de motos* conseguiría diferenciar os sons, separando as distorsións que certos elementos crean na sociedade para confundir, e que arremeter contra os antigos *vespinos* dos *telepizzeros*, non era máis que preguntarse o por que dunha comida enlatada, dunha sociedade enlatada. Véuseme ás mans ‘*Un poema de amor*’ e vino claro, abandonar o hermetismo que noutroa se aplicaba a aquelas vellas friameiras onde levar a tortilla de pataca, ou os bistés rebozados, ou polo que tanto adoecía cando novo, a pescada empanada con mollo de tomate caseiro e chícharos. Friameiras que perderon definitivamente actualidade coa aparición dos *tupperware*. A clave, segundo a máis humilde das opinións, estaba na sinxeleza do que non se quere ver, por evidente. Unha mensaxe clara, inmaculada, inocente ás veces, mortífera sempre. Por que as cousas comézanse dende abaixo, dende o máis pulcro do ser, e esa perspectiva non debe perderse nunca.

Alberte Momán Noval.- Nado en Ferrol no 1976. Enxeñeiro Técnico Agrícola e autor de ‘O lobo da xente’ (Premio Narrativas Quentes. Edicións Positivas. 2003). Galardoadado co Premio Rosalía de Castro de Cornellà e o Francisco Añón, ambos de poesía, no ano 2004.